

## PREMIOS E DOTACIÓN

Establécense dúas categorías de participación:

**A. 5º e 6º de educación primaria**

**B. 1º, 2º e 3º de educación secundaria obrigatoria (ESO).**

Para cada unha destas categorías concederáse un primeiro e un segundo premio:

**O PRIMEIRO PREMIO**, consistirá nun vale por valor de 1000 euros destinado á adquisición de material escolar para o centro docente. O/a alumno/a e profesor/a recibirán unha tableta.

**SEGUNDO PREMIO**, que consistirá nun vale por valor de 500 euros destinado á adquisición de material escolar para o centro docente. O/a alumno/a unha cámara de fotos deportiva e o profesor/a unha tableta.

## RESOLUCIÓN:

Criterios e procedemento de concesión dos premios.

1. O xurado encargado de decidir e de resolver os premios estará integrado polos seguintes membros.

- **Presidente:** conselleiro/a de Sanidade, ou persoa en quen delegue.
- **Vicepresidente:** director/a de marketing de Gadisa, ou persoa en quen delegue.
- **Vogais:** dous representantes designados pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. Dous representantes da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue: o/a director/a da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue ou persoa en quen delegue e o/a coordinador/a autonómica de transplantes da dita Axencia, que ademais exercerá como secretario/a do xurado.

2. Para a concesión dos premios atenderase aos seguintes criterios:

- A promoción e o fomento da doazón e/ou dos transplantes nos carteis.
- A calidade, cantidade e utilidade da información que ofrece.

3. Logo de avaliados os carteis, o xurado emitirá unha acta na que se concrete o resultado da avaliación efectuada. Notificaráselles aos premiados a hora e o lugar da entrega de premios, que se fará en acto público.

No caso de empate, o conselleiro de Sanidade terá voto dirimente.

Por proposta motivada do xurado, os premios poden quedar desertos.

4. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será dun mes contado a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación dos carteis.


Axencia de doazón  
de órganos e sangue  
(ADOS)



Información divulgativa

# II Concurso

de carteis para escolares  
relacionado coa  
**doazón e os transplantes**



a vida,  
o mellor agasallo

Coordinación Autonómica de Transplantes

AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE

**881 54 28 63**

Edificio administrativo San Lázaro  
15703 - Santiago de Compostela

[www.sergas.es](http://www.sergas.es)

curso escolar  
**2019/20**

**ALUMNOS/AS DE 5º E 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA  
e PRIMEIRO CICLO DE EDUCACIÓN  
SECUNDARIA OBRIGATORIA**

# II Concurso de carteis para escolares relacionado coa doazón e os transplantes



## OBXECTO:

Un dos obxectivos primordiais na concienciación da doazón é o deseño de intervencións educativas dirixidas a mellorar a opinión da doazón e os transplantes entre os máis novos. A formación dirixida a escolares permite dotar do coñecemento preciso na materia os cidadáns que se atopan nunha idade, dende o punto de vista intelectual e social, moi receptiva, que lles permitirá tomar conciencia desta problemática.

## FINALIDADE:

A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS), a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional en colaboración con Gadisa Retail S.L.U. convocan un concurso de carteis dirixido aos escolares para o curso escolar 2019/20 que teña como tema a doazón e os transplantes, co fin de acercar esta realidade á poboación escolar da nosa comunidade autónoma, de modo que o alumnado sexa capaz de valorar os beneficios para a cidadanía do fomento da doazón de órganos e tecidos.

## DESTINATARIOS:

Poderá participar no concurso de carteis o alumnado de **5º e 6º de educación primaria e 1º, 2º e 3º de educación secundaria obrigatoria (ESO)** de todos os centros educativos, tanto sostidos con fondos públicos coma privados, da Comunidade Autónoma galega.

## INFORMACIÓN SOBRE O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA:

1. En cada clase o docente realizará unha actividade formativa respecto a doazón e transplante que facilite a creación de ideas e que propicie o desenvolvemento da imaxinación do alumnado á hora de elaborar un cartel.
2. A Coordinación Autonómica de Transplantes de ADOS facilitará aos centros interesados material de

apoio sobre a doazón e o transplante para realizar a actividade formativa a través da súa páxina web <https://www.sergas.es/Doazon-e-Transplantes>.

## REQUISITOS:

Características dos carteis:

1. Contido
    - 1.1 O contido dos carteis tratará sobre a doazón e os transplantes de órganos e tecidos, e sobre todos os aspectos relacionados con estes.
  2. Formato

O formato cumprirá os seguintes requisitos:

    - 2.1 Poderá realizarse en calquera técnica, plástica ou dixital, que cumpra os seguintes requisitos:
- Técnica plástica:** os carteis realizaranse en formato horizontal ou vertical coas medidas Din A-3 (42 por 29,7 cm).
- Técnica dixital:** os carteis deberanse presentar en formato JPG cun peso máximo de 2 MB e dimensións correspondentes ao formato Din A-3.
3. Os carteis deberán incluír unha frase ou lema en galego normativo relacionado co fomento da doazón.
  4. Cada rapaz ou rapaza poderá presentar un só cartel.
  5. Normas de entrega dos carteis:
    - 5.1 As obras realizadas con técnicas plásticas remitiranse en sobre cerrado ao seguinte enderezo:

### “II Concurso de carteis”

Coordinación Autonómica de Transplantes de Galicia  
Edificio Administrativo San Lázaro s/n  
15703 - Santiago de Compostela

No reverso de cada cartel, deberá figurar a seguinte información:

Lema

---

Nome e apelido do/a autor/a

---

Curso

---

Docente que titoriza o cartel

---

Datos do centro: nome do centro, teléfono, correo electrónico e enderezo

---

---

---

---

5.2 Para o formato dixital, os traballos enviaranse ao enderezo electrónico: [ctransplantes.ados@sergas.gal](mailto:ctransplantes.ados@sergas.gal). No asunto constará “II Concurso de carteis-formato dixital” e no corpo do correo figurarán os datos citados anteriormente sobre a autoría dos traballos.

6. Os carteis que non cumpran os criterios determinados nas presentes bases serán eliminados, así como aqueles cuxo tema non sexa o sinalado nestas bases. Só poderán presentarse aqueles traballos que fosen realizados baixo a titorización do docente do centro educativo.
7. A Coordinación Autonómica de Transplantes de ADOS reserva para si a posibilidade de empregar os carteis e lemas seleccionados polo xurado para a elaboración de traballos ou presentacións públicas e tamén de utilizalos como lema dalgunha campaña relacionada coas funcións da devandita oficina.

## PRAZOS DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación das obras rematará o **30 de abril de 2020**.